

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

ID: 97

Expediente nº: 2/1999.

R E S O L U C I Ó N

PRESIDENTE:

Luis González Vázquez.

VOCAIS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don Manuel Veiga Franco.

Don Emilio Sánchez Coto.

SECRETARIO:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a vintenove de marzo do dous mil, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte

RESOLUCIÓN:

Visto no día da data o expediente número 2/1999 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte " PEDRIÑA ", no concello de CERVANTES, iniciado por acordo do Xurado coa data do 9 de decembro de 1998, sendo vocal instructor do mesmo DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 4 de xaneiro de 1999), iniciouse o expediente número 2/1999 (por instancia de DON JOSÉ CURRÁS MEIRA e DON NICOLÁS LÓPEZ BECERRA, veciños do lugar de QUEIRUGAL, parroquia do MOSTEIRO, concello de CERVANTES), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da ACTA da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 4 de xaneiro de 1999, recabouse do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

TERCEIRO: Coa data do 21 de xaneiro de 1999, recibíuse certificación do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte " PEDRIÑA ", non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

CUARTO: Coa data do 5 de febreiro de 1999 (registro de saída número 15.291, do mesmo día, mes e ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de BECERREÁ os documentos seguintes: 1º) certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e 2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Coa data do 26 de agosto de 1999, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de BECERREÁ, na que se fai constar que o monte " PEDRIÑA ", tal e como se describe na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, non figura inscrito nese Rexistro e que non existe presentado no libro Diario e pendente de despacho ningún documento referente ó predio que se certifica.

SEXTO: Coa data do 30 de agosto de 1999 (registro de saída número 114.802, do día 31 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Coa data do 30 de agosto de 1999 (registro de saída número 114.808, do día 31 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de BECERREÁ a iniciación do expediente e solicitouse ANOTACIÓN PREVENTIVA.

OITAVO: Coa data do 30 de agosto de 1999 (registros de saída números 114.811 e 114.814, do día 31 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó concello de CERVANTES a iniciación do expediente e remitíronselle EDICTOS para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o citado monte.

NOVENO: Coa data do 30 de agosto de 1999 (registro de saída número 114.818, do día 31 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación **DON NICOLÁS LÓPEZ BECERRA**, con domicilio no lugar de **QUEIRUGAL**, parroquia do **MOSTEIRO**, concello de **CERVANTES**, a iniciación do expediente.

DÉCIMO: Coa data do 30 de agosto de 1999 (registro de saída número 114.838, do día 31 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación **DON JOSÉ CURRÁS MEIRA**, con domicilio no lugar de **QUEIRUGAL**, parroquia do **MOSTEIRO**, concello de **CERVANTES**, a iniciación do expediente.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 1 de setembro de 1999 (registro de saída número 116.603, do día 2 do mesmo mes e ano), remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 29 de setembro de 1999, recibíuse comunicación do Registro da Propiedade de **BECERREÁ**, na que se fai constar a **ANOTACIÓN PREVENTIVA** feita polo mesmo (Letra A, predio 6.960, folio 187, libro 87, concello de **CERVANTES**, tomo 431).

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 8 de outubro de 1999, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 196, páxina 12.115, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte "**PEDRIÑA**".

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 20 de xaneiro do 2000 (registro de saída número 6.402 do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó alcalde de barrio da parroquia do **MOSTEIRO**, concello de **CERVANTES**, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente do monte "**PEDRIÑA**", (con voz pero sen voto).

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 25 de xaneiro do 2000, recibíuse certificación do concello de **CERVANTES**, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello polo prazo de 30 días, comprendidos desde o día 15 de setembro ata o día 20 de outubro de 1999 (ámbolos dous incluídos).

DÉCIMO SEXTO: Coa data do 1 de febreiro do 2000 (registro de entrada número 16.064), recibíuse comunicación da comunidade de veciños dos lugares de LAMA DE REI, O MOSTEIRO e QUEIRUGAL, parroquia do MOSTEIRO, concello de CERVANTES, na que se informa que como vocais representantes no Xurado resultaron elixidos os seguintes:

DONA MARÍA FERMINA PARDO DIGÓN.

DON JOSE ANTONIO ARIAS GARCÍA.

DÉCIMO SÉTIMO: Non se recibiu ningunha reclamación durante a tramitación do expediente.

DÉCIMO OITAVO: No expediente de investigación previa (carpeta-ficha), figura a comparecencia feita por varios veciños da parroquia do MOSTEIRO, coa data do 3 de outubro de 1969, na que manifestaron que os lugares LAMA DE REI, QUEIRUGAL e MOSTEIRO, teñen un monte veciñal de aproveitamento mancomunado para os veciños destes, para pastoreo e leñas, ó que tamén van pacer no inverno os gandos do pobo de VILAXÁN. Este monte pode chamarse PEDRIÑA.- En parte deste monte empezou a repoboar o Patrimonio Forestal do Estado, hai uns doce anos. O resto do monte segue con aproveitamento mancomunado. Esta repoboación é o perímetro 22.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- O monte " PEDRIÑA " segundo o expediente de investigación previa (carpeta ficha), componse de tres parcelas:

Parcela nº 1: non cumpre os requisitos do artigo 1 da citada Lei por estar dividida e cuberta de frondosas en parte, e repoboada de pinos e eucaliptus no resto, polo que non reviste carácter de veciñal en man común.

Parcela nº 2: dado que presenta aproveitamento comunitario cumpre os requisitos do citado artigo e polo tanto reviste o carácter de veciñal en man común.

Parcela nº 3: aproveitada individualmente polos veciños con algunhas parcelas repoboadas recentemente e outras dedicadas a cultivos agrícolas, non cumpre os requisitos do devandito artigo e polo tanto tampouco reviste o carácter de veciñal en man común.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: "PEDRIÑA".
Pertenza: veciños dos lugares de Lama de Rei, O Mosteiro e Queirugal.
Parroquia: O Mosteiro.
Superficie: 38 hectáreas.
Concello: Cervantes.

Estremas:

Norte: linda co monte de Santo Tomé de Cancelada. Leste: linda con predios particulares. Sur: linda con predios particulares. Oeste: linda co termo municipal das Nogais.



[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

CLAVE DEL MONTE

Prov.	Muni.	Cantidad Prop.	N.º monte.
LU	12	11.2 11.3 11.4	1

3.- ESTADO FISICO

Del texto

3.1. SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Este MONTE PEDRIÑA está situado al O. de los pueblos de LAMA DE REY, MOSTEIRO y QUEIRUGAL y de sus fincas particulares, que lo dividen en tres parcelas distintas, y comprendido entre los cierres de estas fincas y el límite con el municipio de Los Nogales.

Está formado por estribaciones hacia el E. del macizo de Monte Redondo y de Sierra da Escrita, que bajan hacia el río de Cancelada.

El mejor acceso del monte son los caminos que parten de la carretera de Puente de Gatín a Los Ancares que pasa por el pueblo de Queirugal.

3.2 SUPERFICIE.

62 Has., obtenidas mediante planimetrada sobre 1/25.000.

3.3 LINDEROS.

N.- Monte de Santo Tomás de Cancelada.

E.- Fincas particulares de Lama de Rey, Mosteiro

Pro. *	Munic.	Comunidad Pr. p. *	N.º monte
LU	12	11.2 11.3 11.4	1

Ref. Índice

CLAVE DEL MONTE

3.3

y Queirugal.

S.- Monte de San Martín de las Cañadas.

O.- Monte de San Andrés de Los Nogales.

3.4 DESCRIPCIÓN DEL PERÍMETRO.

Empezando por el extremo N.O. en Monte Redondo en el límite con municipio de Los Nogales, baja en dirección O-E por un toxo limitando con monte de Santo Tomás de Cancelada, por Marco Solleiro, Penachá, Lamaiza Longa y Regueiro de Viduedo, ya en las fincas particulares. Por el E. sigue un cierre con los términos de Villafrial, Bolois y Villaján, y por el S. con monte de San Martín de las Cañadas sube por el toxo de Barbeito hasta Pena de Bruita, ya en el límite con el municipio de Los Nogales, que despues sigue hacia el N. por la mojonera de términos hasta llegar a Monte Redondo, donde se comenzó.

Dentro de éste término vecinal descrito quedan comprendidas fincas particulares y los nucleos de población de Lama de Rey, Mosteiro y Queirugal.

3.5 OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES.

Es evidente que, dado el origen de gran parte de

Prov.º	Munic.º	Comunidad Prop.º	N.º monte
LU	12	11.2 11.3 11.4	1


Ref. Índice

CLAVE DEL MONTE

•••

3.5 las fincas particulares que lindan con un monte vecinal, la parte de su perímetro lindante con ellas, no puede tener el carácter preciso que ofrece el resto del perímetro. Lógicamente, en la delimitación del monte con tales fincas, se ha llegado hasta donde existía seguridad, o duda razonable, de que se mantenía la condición vecinal del mismo.

Es por ello que, una vez fijada por el Jurado Provincial la calificación que merezca este monte, sería conveniente precisar con una mayor exactitud, quizá mediante deslinde parcial, la parte de perímetro que linda con fincas particulares.



Término de Los Nogales

LU 12 11.2:11.3:11.4 1